Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Distintivo de Igualdade
Centro certificado FIDES-AUDIT
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Acta da Sesión Extraordinaria da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 23 de outubro de 2026

Anexos:

I. Convocatoria da CC do 23/10/2026
II. Asistentes á CC do 23/10/2026
III. Declaración de intencións para modificacións substanciais da titulación de Grao en Enxeñaría da Enerxía
IV. Declaración de intencións para modificacións substanciais da titulación de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos.

Ábrese a sesión ás 10 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida polo Director, Don José Santiago Pozo Antonio, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

- ✓ **Validación, se procede, da declaración de intencións para modificacións das titulacións de grao impartidas nesta Escola.**

O Presidente sinala que se trata de modificacións que hai que realizar, por imperativo legal, para adaptar as titulacións ao disposto no RD 822/2021. Concretamente as titulacións de grao do centro, como xa comunicaron dende a Vicerreitoría de Oferta Académica da UVIGO, están entre as que deben abordar este curso as modificacións correspondentes.

Sinala que este tipo de cambio nas titulación é considerado unha modificación substancial, xa que conleva o cambio da estrutura da memoria e os seus epígrafes. Neste caso requírese a presentación dunha declaración de intencións para modificacións e o prazo remata hoxe mesmo, o que xustifica a urxencia da convocatoria desta sesión. Este documento de declaración de intencións recolle a composición nominal da comisión redactora da memoria. Posteriormente hai un prazo ata o 26/02/2027 para a elaboración e aprobación, no centro, da Memoria Inicial.

Amosa os documentos das declaracións de intencións (ANEXOS III e IV) e os comenta.

A Comisión de Calidade aproba, por asentimento, emitir informe favorablemente ás declaracións de intencións para modificacións substanciais das dúas titulacións de grao que se imparten no centro.

Agradécese o traballo realizado por Iria Feijoo e Francisco Deive, persoas coordinadoras das titulacións de grao.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 12 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e tres de outubro de dous mil vinte e seis.

Vº e Prace

O Presidente

José Santiago Pozo Antonio

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da CGIC do 23/10/2026

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original| C.S.V. : GEN-28bb-a6fd-b7f0-2cb5-3ce6-d282-0bae-6a09 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: https://run.gob.es/hsb0d8bw6q

Universidade Vigo

Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Distintivo de Igualdade
Centro certificado FIDES-AUDIT

Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Asunto: Convocatoria extraordinaria da Comisión de Calidade da EEME

Por orde do seu presidente, convócase a todos os membros da Comisión de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía a unha sesión **EXTRAORDINARIA** que terá lugar o día 23 de outubro de 2026, ás 9:45 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda. A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e tratarase o seguinte punto da

ORDE DO DÍA:

1. Validación, se procede, da declaración de intencións para modificacións das titulacións de grao impartidas nesta Escola.

Vigo, 21 de outubro de 2026

O Coordinador da Comisión de Calidade

Guillermo García Lomba

(*) *Indicacións:* *acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa contrasinal* `lDLD6QsL (ele-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)` *e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.*

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE DA EE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-28bb-a6fd-b7f0-2cb5-3ce6-d282-0bae-6a09
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://run.gob.es/hsb0d8bw6q
FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 21/10/2026 16:09 | Sin acción específica

ANEXO II

Asistentes á CGIC do 23/10/2026

Asistentes á Comisión de Calidade do 23 de outubro de 2026	
José Santiago Pozo Antonio	Presidente / Director
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
Francisco Javier Deive Herva	Coordinador Grao EE
Ignacio Pérez Rey	Calidade Máster EM
María Araújo Fernández	Calidade Máster XSA
Ana Rodríguez Rodríguez	Coordinadora do PAT/PIUNE
Mª Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
Escusan a súa asistencia	
Iria Feijóo Vázquez	Coordinadora Grao ERME

ANEXO III

Declaración de intencións para modificacións substanciais da titulación de Grao en Enxeñaría da Enerxía

ANEXO IV

Declaración de intencións para modificacións substanciais da titulación de Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos